



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 91

Sesión plenaria
3 de agosto de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 38322, 11/LGNF-000003)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás once e cinco minutos da mañá.

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento e comunica os tempos das intervencións. (Páx. 4.)

Presentación do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 4.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 9.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 12.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 15.)

Votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira: aprobado por 41 votos a favor, 30 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 20.)

Remata a sesión ás doce e catro minutos do mediodía.



Ábrese a sesión ás once e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifícase a inasistencia da señora Pontón Mondelo.

E, sen máis, entramos na orde do día co seu punto único.

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor PRESIDENTE: O Consello da Xunta de Galicia, con data 1 de agosto de 2022, acordou o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 —que se fixa en 12.599 millóns de euros— de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. Foi remitido a esta Cámara para a súa aprobación xunto co informe da estratexia financeiro-fiscal referida no artigo 12.1 da precitada lei.

Antes de proceder á votación, o Goberno dispón dunha rolda de quince minutos para a súa presentación, e, a seguir, concederáse unha rolda para cada un dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos.

Comezamos, polo tanto, e para a presentación ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Comparezo hoxe ante o Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o ano 2023, aprobado este luns polo Consello da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 12 da Lei de sustentabilidade financeira de Galicia —como acaba de sinalar o señor presidente do Parlamento—.

Con estes son xa doce anos traendo á Cámara o teito de gasto, un instrumento de disciplina orzamentaria respecto do que o Goberno galego foi pioneiro na súa aprobación por lei. Malia que xa é coñecido, gustaríame lembrar que a normativa galega non só prevé a aprobación do teito de gasto por parte do executivo autonómico, senón que regula este trámite parlamentario co fin de que a Cámara tamén respalde este límite de gasto. Este é un feito dife-



rencial da lei aprobada en Galicia en relación con outras comunidades autónomas. Aporta rigor ao proceso orzamentario e favorece a transparencia e a participación, xa que anticipa tres meses o debate sobre o escenario financeiro para o vindeiro exercicio a partir dun tope de expectativas de ingresos e tamén dun obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Señorías, o primeiro que quixera salientar é que un ano máis presentamos perante o Parlamento o teito de gasto en tempo e forma a partir da información esencial recibida hai unha semana no Consello de Política Fiscal e Financeira, que vén confirmar as nosas proxeccións financeiras, coas que levabamos traballando máis dun mes. Galicia é a primeira comunidade autónoma que trae ao Parlamento o límite de gasto para o 2023, e con esta tramitación temos un marco definido para a preparación das contas do vindeiro exercicio, feito non menor nunha situación de alta incerteza, como veremos de seguido.

Grazas á estabilidade política e institucional que temos estamos en disposición de garantir que Galicia terá en 2023 orzamentos un ano máis; polo tanto, agardamos entregar nesta Cámara, antes do vindeiro 20 de outubro, o proxecto de orzamentos para que xa poida entrar en vigor a partir do 1 de xaneiro a Lei de orzamentos para o exercicio 2023.

Señorías, todos somos conscientes de que o actual escenario económico está condicionado pola deterioración das perspectivas de crecemento da economía mundial, cunha inflación persistente que se sitúa no centro do debate da política económica actual. Nesta conxuntura as previsións macroeconómicas, non só para Galicia senón para o conxunto das economías da nosa contorna, están cheas de incertezas, polo que temos que ter unha prudencia extrema, como dixen. Este shock de prezos fixo que a maioría dos gobernos do mundo estean a tomar medidas para protexer as súas economías do abrupto aumento do prezo das enerxías e dos alimentos. Estas medidas poden axudar a protexer os fogares máis vulnerables e a preservar a cohesión social. Con todo, tamén teñen elevados custos fiscais. Por esta razón, as medidas deben ser temporais e ben enfocadas cara aos máis vulnerables. Ademais, resulta necesario, mesmo diría imprescindible, protexer as finanzas públicas cun plan coherente a medio prazo de redución do déficit público. A ninguén lle escapa que o problema dos altos prezos da enerxía non pode abordarse de xeito duradeiro a través de medidas fiscais compensatorias, senón que requirirá investimentos en eficiencia enerxética e en novas fontes enerxéticas que avancen no proceso descarbonizador e minoren a nosa dependencia enerxética.

Neste senso, o financiamento cos novos fondos europeos é unha oportunidade vital neste ano e no vindeiro, e é quizais unha oportunidade perdida que o Plan nacional de recuperación e resiliencia non concentrara máis neste tipo de investimentos os seus obxectivos. A estreita marxe da que dispomos debe ser empregada con intelixencia. ¿Por que? ¿Por que estou a dicir isto? Porque debemos seguir a impulsar a demanda agregada para que non decaia a senda de crecemento continuada que levamos dende 2020, pero tamén un crecemento de gasto público moi por riba do PIB nominal colaboraría ao incremento dos prezos.

Por parte do Goberno galego temos un triplo compromiso para as contas de 2023: garantir os recursos precisos nos eidos sanitario, educativo e social para seguir no proceso de mellora continua na prestación duns servizos públicos de calidade e da súa modernización; incluír medidas de apoio ás familias, sectores e empresas máis vulnerables a unha inflación cre-



cente; e impulsar a execución na nosa comunidade dos proxectos financiados cos fondos Next Generation —apoiando de xeito especial os investimentos que aceleren a sinalada eficiencia e transición enerxética—. Estas tres prioridades tamén destacan na concreción anual do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, e priorizaranse dentro dos seus setenta obxectivos estratéxicos.

Señorías, feita esta introdución, paso a explicar o cadro macroeconómico que prevemos para o vindeiro ano, baseado no sempre rigoroso traballo de prospección económica do Instituto Galego de Estatística. Trátase, como xa adiantei, dunhas estimacións moi prudentes, en liña coas análises recollidas nos informes da Comisión Europea, da OCDE, do FMI, do Banco de España ou da AIREF, e, reitero, nun contexto de grandes incertezas económicas —en gran medida, como ben saben, pola invasión de Ucraína e pola inflación persistente que estamos a padecer—.

Tras a abrupta caída do PIB do ano 2020 pola pandemia, Galicia está en disposición de encadear tres anos seguidos de crecemento económico. De acordo con esta previsión, Galicia recuperará os niveis prepandemia de PIB con algúns trimestres de antelación con respecto á media española. En concreto, estimamos que a economía galega recuperará xa no primeiro trimestre do 2023, e antes que a media de España, a riqueza prepandemia. Esta senda de crecemento da economía, que este ano prevemos que sexa do 3,6 % e o vindeiro do 2,7 %, irá acompañada da creación de emprego, o que permitirá a finais do ano 2023 situar a taxa de paro por debaixo do 10 %, algo que non acontecía dende hai quince anos.

Hai que ter en conta que o consumo se viu afectado durante toda a pandemia polas restricións da mobilidade e pola incerteza en torno ao mercado laboral, o que provocou un incremento do aforro. Co alivio das restricións comezouse a recuperar o gasto en consumo, pero a incerteza sobre a evolución da invasión de Ucraína e o incremento dos prezos están a provocar unha contención das decisións de consumo e de investimento das familias e das empresas. Neste contexto a execución dos fondos europeos —a maior parte deles, como ben saben, dedicados a investimento público— debe ter un efecto de arrastre sobre o investimento privado e debe contribuír a dinamizar o investimento na nosa comunidade autónoma o vindeiro exercicio.

En canto á demanda externa consideramos que será positiva este ano e o vindeiro, cun aumento das exportacións, se ben condicionada a súa evolución pola demanda dos países da nosa contorna, polos nosos principais clientes —tamén moi afectados pola crise global—.

No que se refire á parte financeira á que dá lugar este marco económico, unha vez explicada a actualización do cadro macro exporeilles como calculamos os ingresos para o ano 2023, un exercicio, como explicarei a continuación, no que dispoñemos de máis recursos ordinarios e menos extraordinarios. Como ben coñecen, a partida de recursos non financeiros que ten maior volume é a que procede do noso sistema de financiamento. Con carácter xeral supón en torno ao 80 % do total. Pero no exercicio 2023 —e xa no 2022— esta porcentaxe baixa ata o 75 % pola importante achega dos fondos Nex Generation da Unión europea. Así, para 2023, para o exercicio do 2023, os recursos do sistema de financiamento autonómico incrementáanse nun 23 % —ata os 9.402 millóns de euros—.



Este aumento deriva na súa maior parte do efecto base causado pola liquidación negativa do ano 2020 —está a aplicarse neste mesmo exercicio, neste mes, e é de -367,8 millóns de euros— e da liquidación positiva do ano 2021, que se percibirá no vindeiro exercicio. Pero tamén obedece ao crecemento da recadación prevista por IRPF e por IVE para o 2023 —en gran medida debido ao aumento dos prezos—. En particular este incremento dos pagos á conta pola participación nos tributos cedidos supón —deste 23 %— un 8,8 %. A estas contías hai que descontar o pago que aínda estamos a aboar das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Porén, nesta evolución cómpre ter en conta dúas partidas extraordinarias, dúas partidas que se recibiron neste exercicio do 2022 e que, como son extraordinarias, non se manterán no vindeiro ano. En primeiro lugar, os 211 millóns de euros da sentenza do IVE do 2017 que os tribunais recoñeceron a prol de Galicia e que o Goberno central transferiu neste exercicio. E, en segundo lugar, a compensación da antedita liquidación negativa do ano 2020 por importe de 368 millóns de euros, segundo o acordado no Consello de Política Fiscal e Financeira no pasado ano, por instancia das comunidades autónomas. Polo tanto, descontando estas achegas extraordinarias, os recursos que aportaría o sistema de financiamento acada o 14,6 %.

Respecto das transferencias finalistas ordinarias doutras administracións, para o vindeiro ano estas suporán 1.444 millóns de euros, e as principais achegas concéntranse no financiamento finalista das políticas activas de emprego e no financiamento da dependencia, que, a pesar de todo, non chega a cumprir co obxectivo do 50 % que debe achegar a Administración xeral do Estado. Ademais, para completar os recursos non financeiros contaremos con outros recursos, como tributos propios, taxas e ingresos patrimoniais, que acadan un importe de 938 millóns de euros.

Para pechar esta cifra de recursos ordinarios contamos co déficit público. Como tamén saben, a Unión Europea prorrogou a cláusula de salvagarda que mantén as regras fiscais suspendidas para o vindeiro ano —xa están suspendidas dende o ano 2020—. Neste caso é pola situación extraordinaria debida á guerra de Ucraína. Por tanto, o Goberno de España fixou unha taxa de referencia para o 2023, que seguiremos en Galicia. Desta forma temos unha marxe de déficit público do 0,3 % do PIB do vindeiro ano, o que supón 189 millóns de euros, un importe que representa menos da metade do que temos autorizado para este exercicio. Hai que ter en conta que Galicia antes da pandemia xa tiña practicamente completada a súa axenda de consolidación fiscal por ser a comunidade autónoma que menos incrementou o seu endebedamento na última década. Por esta mesma razón, estamos nunha mellor situación agora que o resto das comunidades autónomas para financiar estes anos excepcionais con endebedamento adicional —que, en calquera caso, seguirá a ser controlado e responsable—.

Para completar os recursos que podemos considerar ordinarios incluimos os axustes de contabilidade nacional negativos por 59 millóns de euros, cun pequeno incremento debido ao aumento dos custos operativos estimados do noso sector público institucional.

A estes recursos ordinarios por importe de 11.914 millóns de euros sumaremos outros 685 millóns de euros de recursos extraordinarios —basicamente fondos europeos, os fondos eu-



ropeos Next Generation, os do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o fondo React-EU—. O importe —como dicía— é de 685 millóns de euros e cuxo compromiso remata o vindeiro exercicio, o que supón practicamente a metade dos recursos cos que contamos neste ano ao desaparecer as mentadas achegas extraordinarias vencelladas ao sistema de financiamento anteriormente descritas, a sentenza do IVE e a compensación extraordinaria da liquidación negativa deste exercicio 2022.

Con este límite de gasto non financeiro comezamos a deseñar os orzamentos do vindeiro exercicio co compromiso de que sexan responsables, útiles e adaptados á actual conxuntura. Por tanto, o enfoque da política fiscal da Xunta e os principais obxectivos para os orzamentos de 2023 serán actuacións encamiñadas a apoiar as familias, os sectores e as empresas máis vulnerables a unha inflación crecente; garantir os recursos precisos nos eidos sanitario, educativo e social para continuar prestando uns servizos públicos de calidade; impulsar a execución en Galicia dos proxectos financiados con fondos europeos Next Generation —de xeito especial, os investimentos que aceleren a eficiencia e a transición enerxética—; e, en definitiva, desenvolver con éxito o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, para o que comezamos xa por nós mesmos afondando na modernización da Administración pública autonómica co desenvolvemento de sistemas e procedementos máis eficientes, sinxelos e amigables coa cidadanía para tentar acadar unha Administración máis próxima e resolutiva.

Señorías, para cumprir estes obxectivos xa demos algúns pasos. Así, aínda que as medidas fiscais se concretarán na presentación dos orzamentos, si podo confirmar que para o 2023 consolidaremos todas as rebaixas fiscais aprobadas nos últimos anos e aprobaremos a cuarta rebaixa do IRPF destes últimos nove anos —neste caso, no primeiro tramo da tarifa autonómica e para axudar as rendas máis modestas—. Ademais, consideraremos familias numerosas para efectos fiscais as que teñan máis de dous fillos.

Estas dúas medidas súmanse a outras —pola parte do gasto— de gran relevancia e xa tomadas tamén. A partir do vindeiro 1 de setembro —é dicir, en menos dun mes— Galicia será a primeira comunidade autónoma coas garderías totalmente gratuítas para todos os nenos e nenas de 0 a 3 anos. E o vindeiro curso, por duodécimo ano consecutivo, manteremos conxeladas as taxas universitarias.

Señorías, logo de expoñerlles a composición e as prioridades deste límite de gasto non financeiro, diríxome aos grupos parlamentarios para solicitarlles o apoio a este teito de gasto, para tratar de encarar con éxito a actual conxuntura e para tratar de acertar no deseño das medidas que precisen os galegos para o vindeiro exercicio. En resumo, a Xunta de Galicia trae ao Parlamento un teito de gasto responsable, elaborado a través de previsións prudentes, con menos endebedamento e menos recursos extraordinarios, con máis recursos propios e máis fondos europeos de recuperación, que encadeará tres exercicios seguidos de crecemento dende o 2020 e que permitirá recuperar os niveis de renda e de riqueza previos á pandemia no primeiro trimestre do 2023, así como permitirá seguir creando emprego e situar a taxa de paro por debaixo do 10 %.

Remato xa. Queremos acertar para que este teito de gasto sexa útil para apoiar as familias, os sectores e as empresas máis vulnerables á inflación; para garantir e seguir prestando uns



servizos públicos esenciais de calidade e coa ollada posta no ano 2023 pero cunha planificación estratéxica deseñada para toda a presente década; e para que permita avanzar cara a unha Galicia con máis benestar, máis sostible, máis ecolóxica, máis climaticamente neutra e máis dixital.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Hoxe debatemos neste Parlamento o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, de acordo —como xa se dixo— co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira —un teito de gasto de 12.599 millóns de euros—. É un debate extraordinariamente importante pese a ter cobrado nos últimos anos, e debido á maioría absoluta do Partido Popular, un marcado carácter de procedemento de trámite. Pero o que hoxe se vai aprobar —e diso temos a absoluta certeza— vai determinar as políticas que se van desenvolver ao longo do ano 2023, as ordinarias e as extraordinarias, as que darán ou non continuidade a aquelas medidas que xa se veñen desenvolvendo e aquelas que será —ou, mellor dito, sería— preciso desenvolver.

Creo que non digo nada novo ao afirmar que encadeamos tres anos de dificultades sen precedentes, cos anos 2020 e 2021 marcados, en primeiro lugar, pola pandemia e os seus devastadores efectos sobre a saúde e a vida de miles de persoas, pero tamén por unha severa afección económica, e este ano 2022 marcado pola invasión de Ucraína por parte de Rusia.

E precisamente con respecto a este ano 2022 o Fondo Monetario Internacional subliña dous trazos relevantes: a rebaixa do crecemento económico mundial e a revisión á alza da inflación. As causas dese novo diagnóstico proceden, evidentemente, do shock enerxético derivado da invasión de Ucraína, da imposición de sancións a Rusia, da volta aos contaxios en determinadas cidades —sobre todo de China e determinados países—, e da ruptura das cadeas globais de subministración.

Con respecto á situación pandémica, como xa se dixo por parte deste grupo parlamentario no debate do ano pasado —celebrado, por certo, hai un ano—, as medidas adoptadas por todas —insisto, por todas— as administracións públicas —entre elas, a exitosa campaña de vacinación— contribuíron en gran medida a superar a situación de colapso sanitario, así como as medidas de protección social e laboral, que despregaron amplísimos e innegables efectos. Pero, como dicía antes, o contexto deste ano 2022 fai que sexa obrigado recordar neste momento algunhas realidades, porque a situación é grave, ou extraordinariamente grave, e require apostas comprometidas para os sectores poboacionais e produtivos que se atopan en situacións máis difíciles.



A estas alturas creo honestamente que ninguén pode olvidar que as medidas adoptadas para superar a anterior crise dos anos 2008 e 2009 deixaron moito —ou, mellor dito, deixaron moitísimo— que desexar, considerando uns mínimos de equidade na corresponsabilidade das cargas. Hoxe sabemos que a factura das medidas foi moito máis gravosa para os colectivos máis necesitados, e iso, señor conselleiro, non debe repetirse. Unha sociedade máis equitativa é unha sociedade moito mellor, unha sociedade que protexe é unha sociedade moito mellor, un goberno que avanza na equidade social e na protección da súa cidadanía é un goberno moito mellor. E o anterior, a equidade e a protección da cidadanía, é inseparable da garantía duns servizos públicos esenciais, porque os servizos públicos —e sabémolo todos— son a garantía de dereitos e liberdades para os cidadáns e son unha peza fundamental do Estado do benestar do noso país. En definitiva, creo que resulta evidente que nos orzamentos de 2023 deberá estar presente a protección a toda a cidadanía ante a situación complexa na que nos atopamos —e con máis incidencia nos máis necesitados— e, por outra banda, o coidado exquisito dos servizos públicos, porque coidando estes protexemos aqueles. *(Aplausos.)*

A pregunta que debemos formularnos —e non estamos a confundir o debate— é se estamos en condicións de facer o anterior. E a resposta é que si, sempre e cando non empreguemos os fondos —os cartos de todas as galegas e os galegos— en obxectivos alleos á súa finalidade. E despois referireime a ese uso incorrecto de fondos.

O certo é que Galicia recibirá 8.788 millóns de euros en concepto de entregas á conta durante o exercicio 2023, que esta é a maior cifra da historia e que supón o incremento de preto do 9 % con respecto ás entregas á conta do presente ano. Ese incremento das entregas á conta é reflexo da previsión de que prosiga o crecemento económico de España o próximo exercicio e tamén é síntoma de que as medidas que desenvolveu o Goberno para mitigar as consecuencias económicas da pandemia e agora da invasión de Ucraína producen efecto e dan continuidade á recuperación e á creación de emprego. Ademais —como vostede dixo—, no ano 2023 efectuarase a liquidación do sistema de financiamento autonómico do ano 2021, e as previsións apuntan a que Galicia recibirá 698 millóns de euros. Iso significa —resumindo— que esta comunidade autónoma vai recibir un 24 % máis de financiamento que o ano anterior. Ata o propio conselleiro, o señor Corgos, amosou a súa satisfacción por estes datos e, evidentemente, non é para menos. Galicia nos cinco anos de goberno de Pedro Sánchez vai contar cun financiamento un 31,7 % superior ao que recibiu nos cinco anos anteriores dese magnífico e megaprotector goberno do señor Rajoy con respecto a esta comunidade autónoma.

Pero, miren, de pouco serve —e menos para as persoas e sectores necesitados— a suficiencia de recursos se non vai acompañada dunha planificación acertada e dunha execución correcta. Porque nos últimos días vimos de coñecer os informes do Consello de Contas, que amosan unha Xunta de Galicia insolvente, insolidaria, máis preocupada en vender no Estado unhas xestións sen parangón que en dedicar todas as súas posibilidades e potencialidades a protexer a cidadanía, ou, o que resulta imperdoable, en mentirlle á cidadanía *(Aplausos.)* e mal empregar os recursos que se lle puxeron nas mans cando todos estabamos pasando por unha situación que non tiña precedentes. Porque ¿como, se non, se explica, señorías, que o informe do Consello de Contas indique que, a pesar de recibir 418 millóns de euros nos tramos



sanitarios do Fondo Covid, Galicia soamente dedicase 259 millóns de euros? É dicir, de cada dez euros que recibiu dedicou seis en plena pandemia —dío o Consello de Contas, non o digo eu—. Noutras palabras, ¿mente o Consello de Contas? Non, claro que non, o que fai é dar conta pública da realidade.

E, mentres tanto, quero lembrar aquí o señor expresidente da Xunta de Galicia dando roldas de prensa para enfrontarse ao Goberno central, falando de abandono, mostrando a súa mellor faceta de actor, dicíndolle á cidadanía desta comunidade autónoma que o Goberno de España nos tiña abandonados. Pero non é a realidade. E, se non, consulten vostedes, xa que din que non, a páxina 25 do informe. Di literalmente: «Cabe deducir a suficiencia global dos recursos do Fondo Covid recibidos en relación cos gastos e a perda de ingresos ocasionados pola pandemia a 31 de decembro do ano 2020. E, en particular, os fondos dos tramos I e II, asignados segundo criterios poboacionais e de incidencia da pandemia, terían sido suficientes para financiar o seu impacto orzamentario sobre o gasto sanitario e sociosanitario. (*Aplausos.*) Son eses mesmos criterios, como o de repartición da poboación, que o expresidente da Xunta de Galicia se encheu de cuestionar porque eran inxustos, porque resultaban insuficientes. ¡E o que son as cousas, o que son as mentiras, o que é a manipulación e o que son os técnicos independentes, eses que non escriben os discursos ao Goberno, ou os agravios inexistentes! ¿Como van explicarlle vostedes á poboación de Galicia que deixaron sen executar a totalidade do Fondo de Compensación Interterritorial do ano 2020? ¡Cero euros!, ¡o cero por cento de execución cando a media do Estado é do 80 %! (*Aplausos.*) Iso ¿en que converte as comunidades autónomas que o fixeron?, ¿son supercomunidades ou, pola contra, a Comunidade Autónoma de Galicia é unha comunidade deficitaria en canto á xestión?

Señor conselleiro, señores do Goberno de Galicia, señor presidente da Comunidade Autónoma, debe corrixirse esta forma de gobernar. É preciso aproveitar que a principal novidade radica na maior marxe de gasto para as comunidades autónomas. O anterior, todo isto, é a resposta a unha situación complexa na que nos atopamos. Miren, de verdade, con tranquilidade, con honestidade e con lealdade, son precisas respostas contundentes e son precisas declaracións públicas prudentes. Non se poden admitir declaracións dos máximos responsables políticos falando de pufos, falando de forrarse con impostos, falando de audis, falando de avións, falando de helicópteros, falando de todo menos de recoñecer que se é responsable de multiplicar por 2,48 a débeda pública de cada galega e galego durante os anos de goberno do Partido Popular; (*Aplausos.*) ou, se o prefiren, e para que nos entendamos todos, de que cada galego e cada galega temos un pufo de 4.353 euros —para utilizar os mesmos termos dialécticos que o señor expresidente da Xunta de Galicia—. (*Risos.*)

Sería bo que, na medida do posible, os actores dirixentes do Partido Popular non evidenciasen diante de toda España o que en Galicia sabemos dende hai anos: que a política de marketing enmascara a realidade e non aporta solucións, que reducir a xestión governamental a un exercicio contable non aporta solucións, que situarse nunha permanente situación victimista non aporta solucións. Temos diante de nós unha situación extraordinaria pero temos recursos extraordinarios e deberemos aproveitar todas esas potencialidades.

Pero, máis alá de valoracións persoais —de risas cando unha persoa está intervindo, minusvalorando dunha forma creo que absolutamente inadecuada a quen está a falar, mos-



trando unha falta de respecto palmaria e evidente a este Parlamento e ao adversario político—, imos votar que non a este teito de gasto porque, señores do Goberno, a supresión da tarxeta básica sen alternativa, axudas anunciadas a sectores como a agricultura hai meses sen ningún tipo de concreción no día de hoxe, miles de demandantes de dependencia sen atender, un sistema sanitario colapsado... —e así podería seguir *ad nauseam*—, fai que as súas prioridades orzamentarias non coincidan coas que ten o Partido Socialista de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día, señorías.

Señor conselleiro, estamos xa no ecuador dunha lexislatura que todas e todos somos conscientes de que estivo marcada pola pandemia, pola súa expansión, pola contención e tamén polas súas consecuencias. Mais agora que o virus é unha realidade controlada temos que facernos unha pregunta: ¿significa isto que deixamos de estar nunha situación excepcional? Rotundamente temos que dicir que non, e non só polo que nos deixou a pandemia. Versionando a Lenin, hai décadas nas que non pasa nada e hai anos nos que pasa todo. Este curso político foi un deses anos.

E, miremos cara a onde miremos, o certo é que estamos nunha situación absolutamente excepcional non só polo que nos deixa a pandemia —insisto— senón polo que está acontecendo no mundo, do punto de vista social, do punto de vista económico, xeopolítico ou climático. E isto non se pode enfrontar cun teito de gasto absolutamente ordinario que non se corresponde con esta realidade. Primeiro, porque é un momento excepcional do punto de vista social. E temos que insistir en que neste momento hai moitísimas dificultades do punto de vista social. Hai cada vez máis galegos e galegas con serias dificultades. Xa no ano 2020 máis dun cuarto da poboación do noso país —que se di pronto—, máis de 600.000 persoas, estaban en risco de exclusión social. E cunha inflación por riba do 11 % isto só fai aumentar, porque o empobrecemento é masivo e afecta máis a quen menos ten. Por riba, está agravado por un goberno que está moi cómodo de brazos cruzados, sen arbitrar medidas, sen, por exemplo, incrementar as prestacións, ou facendo o peor: tomar medidas regresivas como suprimir a tarxeta básica malia as demandas das entidades sociais. (*Aplausos.*) Mentres, máis de 40.000 galegos e galegas teñen carencia material severa. E isto é como xuntar a poboación de Betanzos e de Arteixo e asumir como absolutamente normal que todos e cada un dos veciños e veciñas destas poboacións, por exemplo, teñan dificultades serias á hora de poder comprar carne ou peixe no supermercado, á hora de pagar a factura da luz ou á hora de enfrontar o gasto de vivenda —que nos últimos anos, desde o 2014, se incrementou máis dun 26 %—.

É excepcional este momento tamén do punto de vista económico, con esa suba de prezos absolutamente disparada e que non comezou coa guerra de Ucraína, aínda que se agravou. Hai un ano estabamos xa instalados nunha suba de prezos absolutamente desmesurada. Non



é unha febre de dous días, é xa unha gangrena no sistema económico que toca absolutamente todo, desde a factura da luz ao prezo da barra do pan. *(Aplausos.)*

E isto vai seguir así. Xa nos dicían que ía ser unha cuestión temporal hai un ano e non o foi. O venres coñeciamos o dato avanzado do Instituto Nacional de Estatística, que nos advirte de que a axenda inflacionista segue e que tamén se incrementa de forma moi preocupante a inflación subxacente. E, por riba, aínda que o Goberno faga omnisciencia desta cuestión, isto afecta máis a Galiza porque aquí sobe máis a inflación do que no resto do Estado. E, por riba, aquí sabemos que temos pensións e salarios dos máis baixos do Estado e que, polo tanto, a capacidade de resistencia é menor por esta discriminación.

En terceiro lugar, tamén é excepcional a situación que vivimos do punto de vista xeopolítico e climático, cunha crise humanitaria absolutamente brutal, con milleiros de persoas exiliadas ou emigradas polas condicións climáticas, polas guerras ou pola escaseza de alimentos. E o planeta falou coa pandemia e o planeta fala agora. Hoxe, hoxe —en agosto de 2022—, no país dos mil ríos de Cunqueiro, no país dos 1.500 quilómetros de costa, temos problemas de subministración de auga, temos problemas de seca e seguimos cun problema gravísimo de incendios. E esta situación, ademais, sabemos que non é nova e que foi advertida, pero vostedes preferiron gobernar instalados no negacionismo. *(Aplausos.)*

E ante esta realidade —que é unha realidade complexa— nin o teito de gasto nin os orzamentos rutineiros anticipan visos de solución, tampouco as repeticións das mesmas políticas que nin van soste os servizos públicos nin van permitir unha reorientación do modelo económico.

E, señor conselleiro, vostede é consciente desta situación, vostede é consciente de que veñen curvas. Mire, eu seguí con moita atención a rolda de prensa do Consello da Xunta do pasado luns. ¿E que acontece? Cando pasa esa parte rutineira de leren vostedes as instrucións do departamento de propaganda e desinformación da Xunta de Galiza, vemos o subconsciente coas preguntas das e dos compañeiros xornalistas. E vostede dixo literalmente: «O futuro non é tan optimista como estes orzamentos». Eu preguntome, entón: ¿que nos vén explicar vostede neste teito de gasto? *(Aplausos.)*, ¿un teito de gasto Mr. Wonderful que debe facernos pensar que todo vai ir ben porque vostedes o digan? *(Aplausos.)*

Miren, intentan disfrazar de histórico, ambicioso e máxico o que non o é. E, desde logo, isto xa o vivimos hai un ano cando nos dicían que as previsións económicas para comezos do primeiro trimestre do seguinte ano serían maravillosas, e vimos que non era así. Mire, en termos obxectivos, si, o teito de gasto incrementábase, hai unha suba dun 8 % —de algo máis—, pero o certo é que, se o comparamos coa inflación —que sobe máis dun 11 %—, isto ten arestas. A primeira é esa, que a suba é menor do que a inflación. E isto ¿que vai significar? Vai significar que non vai permitir asumir o que custa, ademais, soste os servizos neste momento. Imaxine vostede un colexio ou un consultorio médico. Sufragar a factura da luz, o prezo do servizo de limpeza, o prezo dos materiais, é hoxe un 11 % de media máis caro. Pensemos na obra pública —vostede acaba de dicir aquí que hai unha contención no sector privado diante desta situación económica—. Póñolle un exemplo en obra pública: o Centro de Discapacidade de Ourense vén de licitarse de novo cun 40 % máis respecto do que estaba previsto. E isto ¿que quere dicir? Que con este raquíτικο incremento do teito de gasto vai



haber moitos servizos e moitos investimentos que vostedes non van permitir facer. (*Aplausos.*) Esa é a realidade. Este teito de gasto estanca a capacidade económica da Xunta de Galiza e o que vai traer é desinvestimento e recortes. Esa é a realidade, non van ser unhas contas expansivas senón restritivas e a antesala dese tan celebrado marco do déficit que vostedes tanto aplauden.

En segundo lugar, este teito de gasto amosa tamén, efectivamente, que o centralismo é un mal negocio para Galiza. ¿Por que? Pois, porque unha vez máis —como xa aconteceu na crise do 2008—, ¿quen ten máis capacidade de gasto reservada para si? O Goberno central, que non ten nin as competencias en materia sanitaria nin as competencias en materia de educación nin as competencias en materia de servizos sociais. E aínda que se nos venda como un favor desde esta tribuna esa lixeira flexibilización dunha décima, a propia memoria que debatemos hoxe recolle que iso supón para Galiza máis de 200 millóns de euros de recursos menos. E nós, desde logo, dicimos alto e claro: non é xusto coas comunidades autónomas e non é xusto para que despois un autodenominado «Goberno central de progreso» invista máis en armamento militar e noutras cuestións (*Aplausos.*) en lugar de dar máis recursos a quen temos as competencias en materia social. (*Aplausos.*) E vostedes, desde a bancada do Partido Popular, calados, por suposto, porque están de acordo con este modelo centralista.

Pero, en terceiro lugar, tamén hai que dicir que este teito de gasto amosa os límites do sistema de financiamento, porque, claro, hai un incremento, efectivamente, na achega para este ano, pero, oian, é que hai un incremento porque houbo un descenso de ingresos durante a pandemia coa paralización dos confinamentos. E agora o que vén para Galiza é o aumento que houbo na recadación, ninguén está regalando a este país nin un peso. (*Aplausos.*) Nin é magnánimo o Goberno central nin a Xunta de Galiza fixo os seus deberes para negociar un sistema de financiamento máis xusto. Só faltaba vir aquí a este Parlamento escoitar que se nos está regalando algo a este país, porque non é en absoluto certo.

E, miren, en cuarto e último lugar, a realidade é que, diante dunha situación que é excepcional, que segue a ser excepcional aínda que por máis motivos que pola pandemia, o que ofrece este teito de gasto é simplemente rutina, amosa a falta de recursos. Aínda que haxa un incremento, abonda ver só o que acontece cos recursos extraordinarios, que descenden nunha situación absolutamente extraordinaria. E iso amosa o fracaso do modelo centralista pero tamén, señor Corgos, o fracaso do seu goberno, que non foi quen de negociar máis fondos europeos, que non foi quen de negociar tampouco, por exemplo, cos grupos parlamentarios outro modelo fiscal. Non exercen vostedes o seu autogoberno económico porque están instalados nunha política fiscal regresiva. (*Aplausos.*) É máis, é que nin sequera queren medir os efectos desa política fiscal. Vén de amosalo tamén un informe do Consello de Contas que coñecemos este pasado venres.

Vostede verteu aquí unha serie de titulares e de palabras ben intencionadas, como que van atender vostedes os máis vulnerables, que van tomar medidas nos orzamentos con base niso. Pero a verdade é que non teñen credibilidade. E non teñen credibilidade porque despois nin sequera cumpren o que prometen. Póñolle un exemplo: no ámbito fiscal, no debate de investidura, o anterior presidente da Xunta —o señor Feijóo— prometía desgravacións para as familias monoparentais —unhas das máis castigadas por esta crise—. E seguen sen existir.



Polo tanto, a conclusión, señor Corgos —por resumir neste telegráfico debate do teito de gasto—, a conclusión é que a situación é complexa e difícil, niso estamos de acordo e somos conscientes, pero o problema é que, diante desa situación, Galiza vai ter un corsé —este teito de gasto— que xa non é que sexa ordinario senón que é regresivo, porque vai limitar a nosa capacidade de actuación. E, mire, o poeta libanés, Khalil Gibran —coñecido como «o poeta do exilio»—, escribiu aquilo de que «por moi longa que sexa a tormenta o sol sempre volve brillar entre as nubes». E nós, desde logo, no Bloque Nacionalista Galego, somos conscientes de que este é un momento de moitas treboadas, pero tamén de que este é un país forte e capaz, e de que, se algo temos os galegos e galegas, é capacidade de superación.

Agora ben, falaba vostede de que querían acertar. Nós queremos que acerten e nós queremos que este país acerte; pero para iso, para aproveitar a capacidade que ten este país, é necesario que vostedes rectifiquen, é necesario que vostedes deixen de ser parte do problema, que abandonen a autocompracencia, que abandonen a defensa a ultranza da estratexia electoral do Partido Popular, o seu centralismo e que inicien un cambio de rumbo. Galiza ten capacidade para saír adiante, estamos convencidas, pero precisa outro rumbo. Por iso votaremos «non» a este teito de gasto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Coa súa venia, permítame medio minuto para aproveitar que é a miña primeira intervención desde a última intervención que tiveren desde esta tribuna. Daquela estaba previsto que eu subise para un turno de réplica e os dez pasos —que acabo de contar— que hai desde o meu escano ata aquí non os puiden dar. Desde entón teño dado moitísimos pasos máis grazas á colaboración do persoal do servizo de recuperación do Hospital de Santiago e do Servizo de Cardioloxía. E dei moitos máis tamén porque hai que camiñar. Recomendolles a todos que o fagan. Pero eu o que quería era aproveitar ao estar na tribuna para darlles as grazas, fundamentalmente, ao persoal da Cámara, aos servizos da Cámara, que non só me auxiliaron senón que en todo momento me apoiaron e se interesaron pola miña saúde; e, por suposto, aos deputados —practicamente todos— que se dirixiron a min dunha maneira ou doutra —especialmente aos portavoces, portavoz e portavoz—. Eu, sinceramente, agradézolles moito o seu interese. Afortunadamente para min, estou aquí; e, desafortunadamente para vostedes, agora vou criticalos. (*Risos.*) Non sen razón, ademais, que é o máis interesante. (*Aplausos.*)

Debatenos hoxe o teito de gasto. O teito de gasto é o primeiro paso do proceso orzamentario. Estamos cumprindo unha lei galega que foi pioneira e que introduciu algo que non hai noutras comunidades autónomas, que é a máxima transparencia. Debatenos no Parlamento este teito de gasto e, como hai que remitilo antes de que remate o mes de xullo e os datos finais foron aportados moi a finais de xullo e estamos celebrando este pleno en agosto —en pleno período, digamos, non de sesións—, eu quero felicitar o Goberno. Porque, certamente, se non é con



traballo previo de previsión de ingresos pois é difícil traer un teito de gasto con esta premura e, ademais, facelo co rigor co que o fixo e cunha análise bastante ampla do escenario macro e de ingresos recollido no informe da estratexia económico–financeira, por certo, preparado polo IGE. E quero unha vez máis defender a independencia e o valor do IGE. Creo que todos debemos ser responsables á hora de apoiar os institutos de estatística que traballan profesionalmente. Non sempre —como acabamos de ver noutros contextos— se fai así.

É un escenario macro cheo de incertezas. Onte mesmo a señora Calviño admitía que «*vienen curvas*» e non descartaba unha recesión, o cal é interesante vindo da señora Calviño, que leva meses defendendo a fortaleza do crecemento da economía española. Estamos, polo tanto, ante un escenario macro con absolutas incertezas tras unha crise financeira que xerou moita desigualdade. Despois, cando estabamos recuperando o crecemento, veu o parón da covid e a crise de subministracións, que todo o mundo viu como algo pasaxeiro. Houbo unha inflación pasaxeira que se converteu pouco a pouco en estrutural e que xa coa guerra de Ucraína pois se converteu, como todos sabemos, nunha nova crise; unha crise que, sobre todo, é humanitaria e xeoestratéxica pero que tamén loxicamente ten unha parte, unha compoñente, de crise económica derivada da guerra económica que lle está facendo Rusia ao conxunto da Unión Europea.

Hai dous causantes da situación actual, evidentemente: a enerxía e a dependencia do gas ruso. E, por certo, xa que aquí se fala de portas xiratorias, o señor Schröder, o excanciller socialdemócrata, e a súa relación con Gazprom habería que recordala. Como habería que recordar, agora que España en boa parte é a esperanza de Europa porque temos plantas de regasificación, que tamén hai unha en Mugaros que non sempre foi moi entendida por moitos grupos desta Cámara. Pero o certo é que hai unha crise enerxética e unha crise alimentaria como consecuencia do cereal e dos aceites que viñan dos mercados ucraínos ao resto do mundo —e particularmente a Europa—. A inflación é intensa e persistente —por riba do 10 %— e o crecemento é débil. Hai menos crecemento. Pasamos desde previsións do 7 % para España —da Comisión Europea— ao 4 %; e para o ano que vén pasamos do 4,4 % ao 2,1 %. Polo tanto, estamos —e hai que salientalo— nun contexto no que España é o único país dos corenta da OCDE, o único país, que non vai acadar aínda o nivel prepandemia no produto interior bruto. Isto tamén convén recordalo.

Contra esta situación de alta inflación e baixo crecemento —co risco, como dicía a vicepresidenta, de estanflación— o que hai é política económica. Estamos no fío dunha navalla e é complicado facer política económica. Evidentemente, a Unión Europea cambiou de política económica. Cando falan de Mariano Rajoy, recorden o que fixo Europa daquela e o que está a facer agora. É unha coalición demócrata–cristiá, socialdemócrata e liberal a que tomou as mesmas decisións. Cambiou porque, entre outras cousas, aprendeu do feito na crise anterior. Ben, Europa cambiou, a política monetaria está a ser diferente, pero os tipos van comezar a subir, e, o que é máis importante, o Banco Central Europeo anuncia que vai financiar a débeda pública daqueles países que comezan a facer plans de axuste orzamentario e de estabilidade orzamentaria. ¿E quen vai ser o que arbitre iso? O Banco de España. Dígoo porque isto tamén é importante telo en conta no contexto no que estamos. Porque estamos nun contexto no que, efectivamente, a política orzamentaria é o único instrumento que ten o Estado e subsidiariamente as comunidades autónomas. Certamente é aí onde temos que ser



capaces de acertar, nese fío da navalla, onde temos que ter coidado de non gastar de máis para non acelerar a inflación pero non gastar de menos para non caer na recesión. Non é un dilema fácil de resolver.

O que si sabemos é que hai outros instrumentos dos que non se ten falado; por exemplo —en España—, da política regulatoria. E lembren aquí as polémicas que temos cada vez que dicimos que hai que ampliar o número de gasolineras —e abrir gasolineras *low cost* en Galicia— en relación co prezo dos carburantes. Son políticas estruturais que favorecen a competencia e contribúen á rebaixa de prezos. Sobre iso non se fixo nin se ten dito nada en España ao respecto.

O Estado ten certamente moita capacidade orzamentaria. E este teito de gasto, dalgunha maneira, así o fai ver. Pero temos un teito de gasto que certamente crece. E crece —convén recordalo— tamén por tres causas: primeiro, pola inflación e o exceso de recadación que provoca a inflación en frío; en segundo lugar, porque hai novos tributos; e, en terceiro lugar, porque tamén hai un nivel de endebedamento que, aínda que se contén cos efectos da inflación e parece que se reduce, incrementa, evidentemente, a débeda total.

No tema do gasto, evidentemente, eu creo que vostedes confundiron o debate. Empezaron a falar xa de previsións orzamentarias cando hoxe estamos fixando o tope de gasto, e despois xa veremos en que partidas exactamente van. E aí é lexítima a crítica. Aquí, en cambio, ¿que queren que lles diga? Paréceme que é máis cuestionable.

O Estado ten moito que facer, porque o investimento fundamentalmente vai depender do gasto dos fondos europeos. Cando un le hoxe na prensa que Stellantis-Vigo prepara alegacións pola súa exclusión das axudas europeas, ou que a industria do mar paralizará investimentos sen os fondos do PERTE, un queda moi preocupado, porque esa é a compoñente de investimento que vai impedir que se paralice a economía.

Pola vía do ingreso —olvidada a famosa reforma fiscal— aparecen novos tributos. E aparecen misteriosas formas de prohibir algo que non se pode prohibir, que é a translación dos tributos. Os tributos —algún día falaremos diso, espero— trasládanse ás veces cara ao consumidor, cara adiante; pero tamén se poden trasladar cara atrás. E normalmente é un círculo. Un, por exemplo, o que pode facer é pasalo para atrás pois pagando menos, por exemplo, por un alugueiro, ou polo traballo, ou despedindo traballadores. É unha forma de aforrar para compensar o novo imposto. ¿Que van prohibir entón?, ¿calquera operación que faga unha entidade financeira ou que faga unha entidade eléctrica? É imposible.

Pero, bueno, dentro de todo este lío, vostedes o que fan é subir os impostos xerando ou ben máis inflación —se vai cara ao consumidor, porque vai ter esa persoa, polo tanto, un custo engadido que vai ter que compensar vía salarios— ou ben cara atrás, e entón aí o que reducimos é a actividade, porque os propietarios reaccionarán tamén con menos demanda ás empresas ás que lles trasladan ese tributo.

Respecto da débeda convén recordar, para falar do teito de gasto, que a repartición que se fai do déficit público é que o Estado queda co 3,2 % do déficit e as comunidades autónomas co 0,3 %; é dicir, dez veces menos. E eu quero recordar —e especialmente á señora portavoz



do Bloque— o que dicía dona Ana Pontón —á que lle desexamos unha boa viaxe—. Isto foi o que dixó no ano 2016 a señora Pontón neste debate cando a repartición daquela era que o Estado quedaba co 50 % do déficit —hoxe queda co 82 %— e as comunidades tiñan o 17 % —hoxe teñen o 7 %—. Daquela a señora Pontón dicía que era inxusto como se distribuía a redución do déficit. E dicía que o Goberno central —daquela do famoso Mariano Rajoy— fixera un recorte da capacidade real do que significa o autogoberno galego. Hoxe, que pasamos a ter moita menos capacidade de endebedamento, practicamente non se dixó nada diso. O PSOE daquela dicíalle ao conselleiro que aquí se aceptaba disciplinadamente unha repartición do déficit manifestamente inxusta entre os tres estamentos administrativos deste país. Hoxe o PSOE, evidentemente, non o cuestiona. Os datos son moito peores desde o punto de vista da descentralización da débeda do que eran daquela.

A Xunta está a ser prudente, cun teito de gasto que en liñas xerais —dadas as explicacións que deu o conselleiro— implica 959 millóns de euros máis de gasto real sobre os orzamentos deste ano e que vai ao máximo endebedamento autorizado polo Goberno de España. É unha broma o argumentario do Partido Socialista de que están repartindo por toda España o endebedamento de Galicia. Galicia é a terceira comunidade autónoma con menor débeda en relación co PIB de toda España, a terceira con menos endebedamento. Entón non fomos intervidos polo Estado. E que veñan vostedes agora facer campaña polo interese nacional aquí en Galicia cando... Por exemplo, vostede dixó moitos motivos para votar que non ao teito de gasto, pero non dixó que nos endebedamos moito, que imos ao 0,3 % e podíamos ir ao 0,2 % ou ao 0,1 % ou ir ao superávit. Vostede diso non dixó nada. Pero están aí co mantra por toda España de que aquí Feijóo se endebedou moito.

É realmente frustrante o que escoitamos da oposición neste debate. Escoitamos ao Bloque dicindo que é rutineiro e decepcionante. Citou a Lenin. Eu, señora Presas —cada un pode citar a quen queira—, recomendaríalle este verán a lectura do último libro de Beevor, *Rusia: revolución e guerra civil* —eu aínda non o lin pero lin algunha entrevista na que explica como Lenin foi o pai da represión, das checas e todo isto—. Sería conveniente, porque a escolla das citas é importante para saber o que pensa cada un. Eu, desde logo, non citaríaa a Lenin eloxiosamente. Ao mellor citaríaa non eloxiosamente.

Pero a realidade é que vostedes levan meses pedíndolle ao presidente da Xunta, pedíndolle a esta Cámara, 700 millóns de euros máis para un plan de choque e 200 millóns máis para atención primaria —total, 900 millóns de euros—. E agora hai 953 millóns de euros reais máis sobre os orzamentos e di que é frustrante, decepcionante, paralizante... Pois, ¡home!, eu aproveitaría para dicir: ¡Xa teñen vostedes os 200 millóns de euros para a primaria e os 700 millóns de euros para o plan de choque! Pero, non, o que din é que é decepcionante que teñamos máis ingresos dos que vostedes pedían como gran solución para a crise —sen explicar de onde saían eses recursos—. En fin, son decepcionantes. ¡Bueno!, eu non vou facer máis comentarios.

E con respecto ao PSOE, estamos cumprindo as instrucións que nos dan as entregas á conta que nos manda o Estado e a capacidade de endebedamento que o Estado nos suxire. Estámolo facendo de maneira exemplar e vostedes teñen algo que criticar. E encima critican con argumentos relativos a un informe do Consello de Contas —que xa debateremos—. É que verdadeiramente quedo sorprendido. Eu non sei se viu vostede o informe ou llo pasaron...,



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...pero é que non leu nin o parágrafo anterior nin o parágrafo seguinte. O parágrafo anterior di —sobre iso de que non se executou o gasto— que: «A Administración autonómica identificou un gasto adicional noutras modalidades de financiamento por importe de 93,7 millóns de euros que, estando ocasionados pola covid-19, non foi regularizado a 31 de decembro. Polo que, en caso de computar este gasto non formalizado, podería entenderse que os recursos do Fondo Covid-19 foron aplicados na súa totalidade». ¡Na súa totalidade! E vostede dixo que non.

Pero cando fala do tema da famosa suficiencia dos recursos —o punto 7.18 do informe—, di que os fondos de sanidade chegan, e que chegan porque aquí houbo mellor xestión e houbo menos gasto —que iso tamén o di o informe—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Pero esquece vostede o parágrafo inmediatamente inferior, que é o de educación —curiosamente da que vostede é portavoz—: «No caso dos recursos asignados con base en criterios representativos do gasto educativo —tramo 3—, estes terían resultado lixeiramente insuficientes para o financiamento do impacto orzamentario da pandemia sobre o gasto educativo». Bueno, pois entón, a ver, hai que ler os informes completos.

Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas. E remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Se me permite, remato en medio minuto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Si.

O señor PUY FRAGA: Os efectos da inflación na historia son ben coñecidos e non son bos. O peor inimigo da democracia e das clases medias e traballadoras non son as empresas senón que é a inflación. E precisamente por iso é conveniente recuperar a idea dos consensos e dos pactos: o pacto de rendas, o pacto fiscal, pactos para avaliar o gasto; e pactos para facer boas políticas regulatorias, por exemplo, en enerxía ou na actividade económica, en xeral.

E o problema do noso país —creo—...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...é que hai división e pouco diálogo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Nós iniciamos con isto unha primeira fase de diálogo que esperamos estender aos orzamentos, ao sistema de financiamento autonómico e, por suposto, ao Plan estratéxico.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas a vostede, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Votación do límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 30.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

O señor PRESIDENTE: Remata aquí a sesión.

Bos días.



Remata a sesión ás doce e catro minutos do mediodía.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

